

# A Figheira do Meco sae en resposta das “desafortunadas” declaracións de Aguín



## Comunicado íntegro

Coa proximidade das eleccións, pódese notar que o "todo vale" tan habitual na política se acentúa. Lonxe de querer entrar en polémicas partidistas, dende a Figheira do Meco sentímonos aludidos por un comentario, que se non a mala fe, si que cremos desafortunado e que para nada se corresponde coa realidade.

"Pisando o céspede e armando barullo" con esta frase un concelleiro popular, describía unha actividade de xogos populares que a nosa asociación levou a cabo no parque de Confín, desinteresadamente e sen ningún ánimo de lucro persoal. O parque de Confín é o único espazo céntrico que polas súas características permite os xogos da petanca, os trompos, as canicas e a chave, e foi este motivo polo que a Figheira decidiu desenvolver alí a actividade, para a cal tiña autorización. A actividade comezou as 17:30 e coincidiu no espazo e no tempo coa regata Travesía da Toxa. Gran parte da zona de xardín atopábase ocupada por piraguas, carros e xente, polo que tivemos que instalarnos no espazo que quedaba libre e non puidemos empregar, para o desenvolvemento dos xogos, os pasillos de terra, como xa fixeramos en anteriores ocasións.

Durante o transcurso da tarde sobre 25-30 nenos estiveron gozando dos xogos, e a actividade finalizou cunha churrascada na que se puxo música. Cerca das dúas da mañá, demos por rematada a xornada, recollendo todo o material e limpando a zona. A Policía Local e a Garda Civil pasou varias veces por alí, pero en ningún momento se nos dixo que había demasiado ruído ou que tiñamos que recoller.

Dende a Figheira cremos que potenciar actividades abertas en espazos públicos e a mellor maneira de que estes espazos se aprecien e se coiden por parte da cidadanía, aparte de fomentar e mellorar a convivencia e relacións entre os veciños da vila, aínda que polo que se ve, hai quen non ten as mesmas ideas do emprego dos espazos públicos. Tendo en conta o desenvolvemento da actividade e a valoración que dela fixo esta persoa, dende a asociación formulámonos varias cuestións:

Xa que polo que se ve, Confín non foi un sitio máis acertado para o desenvolvemento da actividade, que lugares alternativos suxeriría o edil popular? O Monte Central? A Siradella? Noalla? No caso de gobernar o seu partido, permitiría este tipo de actividades? Sufriu en primeira persoa o barullo ou alguén llo contou? ( xa que non o vimos por alí) Pasou por Confín a facer unha avaliación do dano causado no céspede ou douno por feito? ¿ Que opinión lle merece a actuación da Policía Local e a Garda Civil, que sendo coñecedoras de esta actividade, molesta e que estaba danando un espazo publico, non interviñeron para poñerlle fin? Hai actividades que pisan máis o céspede que outras ou é que nos situamos nunha zona de céspede especialmente sensible? A frase pretendía desacreditar a Asociación ou simplemente intentaba animar un pleno ó que cinco compañeiros do seu partido nin asistiron? Mostrará Alexandre Aguín o mesmo celo á hora de protexer un espazo natural incluído na Rede Natura 2000 no que pretenden facer un campo de golf? Ou considera que so o céspede das zonas axardinadas merece protección ante unha actividade tan destrutiva como as pegadas de nenos xogando enriba del?

Supoñemos que estas preguntas non terán resposta, aínda que todos nos poidamos imaxinar cales serían. De todas maneiras podemos estar tranquilos xa que polo que se ve, no Grove, non faltan persoas implicadas no benestar xeral e a protección dos (nosos) espazos públicos. É de agradecer que haxa xente que poña sobre a mesa, de forma seria e desinteresada, os puntos verdadeiramente importantes que afectan á cidadanía do Grove.

Por último tamén agradecer a toda a xente que fai posible este tipo de actividades coa súa colaboración ou participación.